

Vigo, 07 de setembro do 2023

Vitor Manuel Mariño Fernández
Secretario da Sección Sindical da CUT Citroën: 605830802
citroen@cutgaliza.org

No día de hoxe celebrouse unha asemblea **aberta a todas as persoas traballadoras de Stellantis Vigo**, convocada pola CUT.

A convocatoria da mesma, nace da apertura de negociación do vixente convenio colectivo que, remata a 31 de decembro do ano en curso. A mesma comezará o vindeiro 31 de outubro as 10:45h, e terá lugar no Hotel Coia de Vigo segundo estableceu a empresa nun documento que foi subscrito polos sindicatos SIT, UGT e CC.OO, a excepción da CUT, dado que non aceptaron ningunha das nosas propostas no marco negociador.

Dende a CUT, queremos dar voz a tódalas persoas traballadoras da planta, para que coas aportacións de todas, poidamos presentar unha plataforma consensuada e realista de cara a esta negociación. Temos que mirar con optimismo esta negociación, **como o convenio da recuperación das nosas condicións, sociais, laborais e económicas**. Como non pode ser doutra maneira, tendo en conta os resultados económicos do grupo en xeral e da nosa planta en particular.

A CUT non acepta que a empresa poña o terreo de xogo (Hotel Coia), a data de comezo, así como as regras de como se vai a desenvolver a negociación sendo deste xeito xuíz e parte.

Sorprende que, a dirección da empresa acepte a súa vez adiantar a negociación do vixente convenio colectivo, aínda que a solicitude parte dos sindicatos que, entendemos están sendo tutelados pola mesma.

Este adianto da negociación, sospeitamos que ven derivado da próxima publicación da concesión das axudas do plan PERTE, para o vehículo eléctrico e conectado, axudas as que a planta de Vigo optaba a cambio da implantación dunha nova plataforma no centro. De producirse a publicación de ditas axudas antes da negociación, **a empresa quedaría sen a baza da chantaxe, para intentar reducir as nosas condicións laborais económicas e sociais en aras da competitividade e da asignación dun novo plan industrial**.



Esta chantaxe non pode sosterse no tempo, xa que nas auxiliares do entorno parece ser xa teñen adxudicadas novas plataformas STLA, como Benteler, o que xa fai entrever que o centro de Vigo tería carga de traballo. A pesares que a dirección xa anunciou que no primeiro trimestre do 2024, deixaríase de producir o M3/M4, este vehículo apenas representa un 4.5% da produción diaria.

Dende a CUT entendemos que vai a ser unha negociación dura, porque a empresa seguramente vai a solicitar mais flexibilidade e contención de custes económicos e sociais.

Agradecemos a súa divulgación e a participación de tódolos actores sociais e políticos na defensa das maiorías sociais.

Atte.

Sección sindical da CUT

